

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o

CENTRO: CEIP OZA DOS RÍOS

CURSO: 5ºA

MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12/05/2020

desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.
Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.
Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo
Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo.
Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.
Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : Observación directa e rexistro do traballo diario na aula e nos cadernos, valoración de probas creadas para a avaliación, debates e participacións e observacións dos logros do alumnado.
	<u>Instrumentos</u> : Diarios e caderno, tests e fichas de rexistro dos logros do alumnado.
Cualificación final	<u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso</u> : A cualificación final do curso será obtida mediante unha media ponderada das dúas primeiras avaliacións. O traballo desenvolto na terceira avaliación será valorado, unicamente, como positivo para mellorar a cualificación final.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación. Os tipos de actividades son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Collages de fotos. - Actividades de repaso sobre os contidos impartidos nas dúas primeiras avaliacións. - Debuxos sobre diversas temáticas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Aquel alumnado que dispón de conectividade, fai o seu traballo mediante a plataforma dixital Edixgal. Unha vez realizadas as tarefas, reenvían o traballo ao profesorado para a súa corrección.</p> <p>O alumnado que non conta con conectividade pode imprimir o seu material no Concello correspondente.</p>
Materiais e recursos	<p>O material empregado é o ordenador co que conta o alumnado para traballar na plataforma dixital Edixgal. Os recursos son os que están dispoñibles na dita aplicación ou os extraídos doutras fontes, por parte do profesorado.</p>

3. Información e publicidade

Información alumnado e familias	ao ás	O alumnado é informado a través da plataforma dixital Edixgal. En dita aplicación existe un apartado de “Mensaxes”, no cal hai unha comunicación directa alumnado-profesorado acerca das diversas actividades e tarefas a realizar.
Publicidade		Publicación obrigatoria na páxina web do centro.